



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, E A AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA (ACSUG) PARA O SEGUIMENTO E GARANTÍA DE CALIDADE DAS ENSIANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2014


REUNIDOS

Dunha parte, Don Jesús Vázquez Abad, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, nomeado mediante o Decreto 9/2012, do 3 de xaneiro, e actuando en virtude das competencias atribuídas polo artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 2/2007, do 28 de marzo.


Doutra parte, Don José Eduardo López Pereira, director do consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (en adiante ACSUG), nomeado mediante a Orde do 2 de setembro de 2009 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG núm. 175 do 07.09.2009) e actuando en virtude das facultades que lle confire o artigo 21.m) dos seus estatutos publicados pola Resolución do 10 de decembro de 2008, da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, pola que se publica o convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Innovación e Industria, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo, polo que se modifica o convenio do 30 de xaneiro de 2001 para a creación do Consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

Ambas partes, na representación que ostentan, recoñécense mutua capacidade xurídica suficiente para formalizar este convenio, e

EXPOÑEN



Primeiro. De acordo co artigo 45.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, modificada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, as ensinanzas artísticas comprenden a música, a danza, as artes plásticas e deseño, a arte dramática, a conservación e restauración de bens culturais, así como outras manifestacións artísticas que o Goberno determine.



Ademais, os artigos 54 ao 58 da citada lei regulan as ensinanzas artísticas superiores. En concreto, o artigo 54.3 establece que o alumnado que rematara os estudos superiores de Música ou de Danza obterá o título Superior de Música ou Danza na especialidade de que se trate, que queda incluído a todos os efectos no nivel 2 do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior e será equivalente ao título universitario de grao. Sempre que a normativa aplicable esixa estar en posesión do título universitario de grao, entenderase que cumpre este requisito quen estea en posesión do título Superior de Música ou Danza; o artigo 55.3 establece que quen superase as ensinanzas de Arte Dramática obterá o título Superior de Arte Dramática, que queda incluído a todos os



efectos no nivel 2 do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior e será equivalente ao título universitario de grao. Sempre que a normativa aplicable esixa estar en posesión do título universitario de grao, entenderase que cumpre este requisito quen estea en posesión do título Superior de Arte Dramática; o artigo 56.2 establece que o alumnado que supere estes estudos obterá o título Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais, que queda incluído a todos os efectos no nivel 2 do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior e será equivalente ao título universitario de grao. Sempre que a normativa aplicable esixa estar en posesión do título universitario de grao, entenderase que cumpre este requisito quen estea en posesión do título Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais e finalmente, o artigo 57.4 establece que os estudos superiores de Deseño conducirán ao título Superior de Deseño, na especialidade que corresponda, que queda incluído a todos os efectos no nivel 2 do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior e será equivalente ao título universitario de grao. Sempre que a normativa aplicable esixa estar en posesión do título universitario de grao, entenderase que cumpre este requisito quen estea en posesión do título Superior de Deseño.

Segundo. Que as ensinanzas artísticas superiores forman parte do Espazo Europeo de Educación Superior, feito que comporta un cambio na estrutura das ensinanzas pero tamén na súa metodoloxía, que centra o seu obxectivo no proceso de aprendizaxe de cada alumno/a que adquire competencias nun contexto ao longo da súa vida. Para lograr estes obxectivos, incorpóranse novos elementos aos plans de estudos como a autonomía no deseño dos plans de estudos combinado cun sistema de garantía de calidade. Neste senso, o Decreto 61/2011, do 24 de marzo, polo que se establece o regulamento orgánico das escolas de arte e superiores de deseño da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 6 de abril), contempla a implantación dun sistema de xestión da calidade e mellora continua, establecendo e aplicando os criterios de calidade que figuren no proxecto funcional da escola.

Terceiro. Que o artigo 7º dos estatutos da ACSUG establece que esta realizará, no ámbito da comunidade autónoma, as funcións de emisión de informes, avaliación, certificación e acreditación previstas na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, así como calquera outra función análoga que sexa propia do ámbito da garantía da calidade universitaria que lle poida ser atribuída pola normativa que resulte de aplicación. En concreto, de acordo co artigo 7º.2.a) corresponde a ACSUG a avaliación dos ensinos conducentes á obtención dos títulos oficiais e propios que imparten as universidades e os centros docentes de ensino superior.

Cuarto. Que o artigo 19 do Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas artísticas reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula a calidade e a avaliación destas ensinanzas.

Quinto. Que as características similares das ensinanzas superiores non universitarias reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación, modificada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, fai que sexa conveniente a aplicación do marco para o seguimento e a garantía de calidade dos títulos oficiais establecidos pola ACSUG para as ensinanzas universitarias.

Sexto. Que de acordo co artigo 58.4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación, modificada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da



calidade educativa, as comunidades autónomas e as universidades dos seus respectivos ámbitos territoriais poderán convir fórmulas de colaboración para os estudos de ensinanzas artísticas superiores regulados na lei.

Sétimo. Que o Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro, coas modificacións derivadas de diversas sentenzas do Tribunal Supremo, estableceu a ordenación das ensinanzas artísticas superiores reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Atendendo á ordenación das ensinanzas artísticas superiores concréntanse dous procedementos de avaliación:

- a) Polo que respecta as ensinanzas artísticas conducentes ao título superior, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a ACSUG seguirán o modelo descrito neste convenio.
- b) En relación coas ensinanzas artísticas oficiais de mestrado, seguirase o procedemento que establecen os artigos 13 e seguintes do Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro. A aplicación deste en Galicia lévase a cabo pola ACSUG.

Por todo isto, as partes acordan subscribir este convenio de conformidade coas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

Constitúe o obxecto deste convenio o establecemento e a aplicación dos procedementos de avaliación das ensinanzas artísticas superiores, as ensinanzas conducentes ao título superior e as ensinanzas artísticas oficiais de mestrado que se describen nas cláusulas seguintes, así como a concreción dos mecanismos de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a ACSUG para levar a cabo as avaliacións mencionadas.

O desenvolvemento das actuacións derivadas do presente convenio realizaranse mediante as correspondentes addendas.

Segunda. Procedemento de avaliación das ensinanzas artísticas superiores

No procedemento de avaliación das ensinanzas artísticas superiores distínguense dous modelos de avaliación, que son os seguintes:

- a) Para as ensinanzas conducentes aos títulos superiores equivalentes ao grao universitario, as partes asinantes do convenio acordan a aplicación do marco para o seguimento e a acreditación destas ensinanzas, establecido pola ACSUG.
- b) Para as propostas de ensinanzas artísticas oficiais de mestrado, aplicarase o que establecen os artigos 13 e seguintes do Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro. Neste caso, as partes acordan tamén a aplicación do marco para a verificación, o seguimento, a modificación e a acreditación dos títulos oficiais, establecido pola ACSUG.

Terceira. Compromisos de colaboración



No marco deste convenio, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a ACSUG comprométense a realizar as accións seguintes:

- a) A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, seguirá o procedemento previsto no marco para o seguimento e a acreditación dos títulos oficiais, establecido pola ACSUG, en canto á presentación das propostas de ensinanzas artísticas superiores de acordo cos modelos establecidos no marco regulador, así como tamén facilitará a interlocución cos centros de ensinanzas superiores que presentaran as propostas mencionadas e realizará as aclaracións que se consideran convenientes.
- b) A Inspección Educativa participará na aplicación do marco para o seguimento e a acreditación dos títulos oficiais, no que se refire ás actuacións relativas ao seguimento e ao acceso e admisión do alumnado, planificación da titulación, persoal docente e recursos materiais e servizos, e calquera outro aspecto, cuxa regulación dependa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- c) A ACSUG aplicará o procedemento de avaliación establecido no marco para a verificación, o seguimento, a modificación e a acreditación dos títulos oficiais, realizará tarefas de asesoramento e acompañamento aos órganos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, asignará as propostas de ensinanzas artísticas superiores á Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA).

Cuarta. Gastos

As actuacións de cada parte asinante levaranse a cabo cos seus recursos ordinarios.

Quinta. Vixencia

O presente convenio de colaboración estará vixente desde a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020, e poderá ser prorrogado de forma expresa.

Ademais, as partes asinantes do convenio revisarán o seu contido e o procedemento de avaliación mencionado ao principio transcorridos dous anos da vixencia deste.

Sexta. Comisión de seguimento

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto do convenio establecerase unha comisión de seguimento, de composición paritaria, integrada por representantes de cada unha das institucións, á que corresponderá a concreción, seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

Nesta comisión actuarán como representantes por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a persoa responsable da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, ou persoas en quen delegue; e por parte da ACSUG, o/a seu/súa director/a e un/unha técnico/a da mesma que designe o/a seu/súa director/a, ou persoas en quen delegue.

As funcións desta comisión serán, entre outras, o control e seguimento das actuacións de colaboración establecidas neste convenio, así como a formulación, análise e implantación das melloras que se acorden no seo da devandita comisión.



Sétima. Causas de resolución

Este convenio pode ser resolto:

- a) Por mutuo acordo das partes manifestado por escrito.
- b) Coa comunicación, por escrito, do incumprimento das obrigas establecidas no convenio, comunicado no prazo mínimo de dous meses.
- c) Polas causas establecidas na lexislación vixente.
- d) Unilateralmente mediante comunicación por escrito á outra parte asinante no prazo mínimo de dous meses.

Oitava. Resolución de conflitos

As partes comprométense a intentar resolver por mutuo acordo as controversias que poidan aparecer sobre a interpretación e execución deste convenio.

Novena. Natureza do convenio

1. O presente convenio ten carácter administrativo rexéndose os seus efectos polo establecido nas súas cláusulas. No non previsto, e co fin de resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse, aplicaráselles os principios recollidos no Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

2. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir, na vía xurisdiccional, as cuestións litixiosas que puideran xurdir da aplicación do presente convenio.

Lido o presente convenio, atópano conforme e asínano por triplicado e en unidade de acto, no lugar e data indicados.

Pola Consellería de Cultura, Educación
e Ordenación Universitaria

Pola Axencia para a Calidade do
Sistema Universitario de Galicia

O conselleiro

O director


D. Jesús Vázquez Abad


D. José Eduardo López Pereira